

Travesías culturais polo Cañón do Sil

Páxina V



Arbo aproba os seus Orzamentos 2025

Páxina VIII



Michel Salgado, Fillo Predilecto das Neves

Páxina IX



Case mil visitantes no Museo do Viño de Salvaterra

Páxina IX



“Setembro xudeu” en Tui

Páxina X



Pacto do Rio Minho

Páxina XII



Rueda reivindica a irmandade histórica entre Galicia e Asturias

Páxina III

Entrevista



Luís López Diéguez
Presidente da Deputación de Pontevedra

“Pasamos dunha Deputación con política do muro a unha de tender pontes”

Páxinas XIV e XV

Felicidades aos galegos residentes en Asturias no XXX aniversario da Asociación.

Calle San Miguel, 12. 32002 Ourense
Información e reservas 988 236 006 / 636 727 585
info@sanmiguelourense.com



OURENSE

Galicia e Asturias non son territorios veciños, senón territorios irmáns

Discurso de Carlos Paniceres, presidente da Cámara de Comercio de Oviedo

Dezasete empresas astur-galaicas foron homenaxeadas na Cámara oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Oviedo pola Asociación Día de Galicia en Asturias. Foron: Hierros Santa Cruz Construcuatro, de Sanxenxo. Roberto Verino, de Verín. Maprinsa. Piscifactorías Somines y Barganeiro. El Desarme. Restaurante La Campana. Clínicas Ourense de Marta Maes Carballo. Ángel Miranda. Hotel AC Oviedo. Supermercado Alimerka. Pérez Rumbao, de Ourense. Restaurante Casa Fermín. Camilo de Blas. Constructora San José. AC Principado TV. Plenus e Residencia Santirso.

Carlos Paniceres, presidente da entidade entrevistou no acto dicindo que "quero que as miñas primeiras palabras sexan de gratitude a quen o fixo posible, a quen participou coas súas intervencións e, moi especialmente, á Asociación por manter viva esta tradición que xa forma parte do calendario da nosa Cámara de Comercio".

"Este salón de actos converteuse, ano tras ano, no lugar



Representantes de empresas de Asturias e Galicia homenaxeadas na Cámara de Comercio de Oviedo.

onde galegos e asturianos renovamos a complicidade que nos une. Hoxe comprobámolo unha vez máis: a forza das nosas relacións non se mide só en cifras económicas, senón na confianza, no afecto e na vontade de camiñar xuntos. A Cámara de Comercio de Oviedo é, por definición, un espazo aberto. E poucos actos reflicten mellor ese espírito de acollida que este encontro".

Paniceres recordou que "aquí compartimos reflexións empresariais, coñecemos experiencias e reforzamos a certeza de que Galicia e Asturias non son territorios veciños, senón territorios irmáns. Trinta anos de historia da Asociación avalan esta complicidade.

Tres décadas de traballo constante, de iniciativas que tenderon pontes entre as nosas comunidades, co mesmo espírito co que nós, desde a Cámara, buscamos sempre unir, sumar e proxectar cara ao futuro".

O presidente da Cámara rematou: "hoxe clausuramos un encontro, pero facémolo coa mirada posta no que está por vir. Que esta xornada sexa estímulo para seguir colaborando, para abrir novas oportunidades e para consolidar os lazos que fan máis forte tanto a Galicia como a Asturias. Grazas, en nome da Cámara de Comercio de Oviedo, por confiar un ano máis nesta casa como lugar de celebración".

De Oviedo ao Pórtico da Gloria

De Oviedo ao Pórtico da Gloria: Principio e fin do Camiño Primitivo", foi o título da conferencia que pronunciou no Club de Prensa da Nova España, Elisardo Temperán Villaverde, chanceler do Arcebispo de Santiago de Compostela.

Nacido en San Xulián de Pontevedra en 1956, é especialista no Código Calixtino. Desde 1992 colaborou na preparación e edición dos Libros Litúrxicos en lingua galega e do Cantoral Litúrxico Galego. Colaborou igualmente na revisión da tradución castelá do Misal Romano, formando parte dunha comisión creada para o efecto pola Comisión Episcopal de Liturxia, da Conferencia Episcopal Española. É membro da xunta directiva da Asociación de Arquiveiros da Igrexa en España e da Asociación Española de Profesores de Liturxia.

Visita do Papa en 2027

"O Camiño é unha parábola da vida, un carreiro que convida a loitar contra o cansazo e a experimentar unha conversión; a súa meta é chegar a Xesucristo", dixo Elisardo Temperán na súa conferencia. Galicia, como condado baixo o reino de Asturias, viviu un auxe da devoción a San-



tiago mesmo antes do descubrimento dos restos en Finisterre. "O Beato de Liébana xa consideraba a Santiago como a cabeza da Hispanidade", aseverou.

"Alfonso II, tras visitar Compostela confirmou o achado do sepulcro e difundiu a noticia ao Papa e ao emperador. Compostela existe grazas a el", indicou. A cidade, cuxo nome significa "lugar ben composto", creceu en torno ao sepulcro. No ano 997, o caudillo musulmán Almanzor atacou o lugar, levando incluso as campás da igrexa, que Alfonso III recuperou coa axuda de musulmáns. O sepulcro foi respectado. Coa construción da catedral, comezaron as peregrinacións, que se diversificaron en varios camiños: o do Norte, que pasa por Oviedo; o do Salvador, que parte de León; e o Primitivo, que sae de Oviedo. Temperán considerou probable que o Papa visite Santiago en 2027.



Rúa Unión 2 . Tfno. 607 085 027 . Ourense



Rueda reivindica a irmandade histórica entre Galicia e Asturias

Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia, participou en Oviedo na celebración do Día de Galicia en Asturias, onde puxo en valor a amizade e a complicidade histórica que unen a ambas Comunidades. Subliñou que Galicia e Asturias son algo máis que territorios veciños, xa que sempre camiñaron xuntas como pobos aliados e con proxectos comúns.

Trasladou un recoñecemento especial á Asociación Día de Galicia en Asturias, destacando o labor constante e o compromiso desta entidade na conservación dos lazos entre ambos territorios. Rueda felicitou aos dous homenaxeados con insignias de ouro da asociación: María Jesús del Barco Martínez, xuíza decana de Madrid e presidenta da APM; e Francisco Rodríguez, presidente de Reny Picot.

Tras a inauguración dun cruceiro nos xardíns do Palacio Villa Magdalena, Rueda sinalou que a celebración do Día de Galicia en Asturias constitúe unha proba viva da fraternidade entre territorios e puxo como exemplo o Camiño de Santiago, e en particular o Camiño Primitivo, que desde o século



Entrega das insignias de ouro da asociación galega.

IX vincula a Oviedo con Compostela. Lembrou a recente colocación dunha moureira conmemorativa na capital asturiana o pasado mes de abril e incidiu en que esta ruta, ademais da súa relevancia cultural e espiritual, é un motor económico e social. Neste senso, apuntou que máis de 396.000 peregrinos fixeron o Camiño este ano, dos cales máis de 21.000 percorreron o itinerario primitivo, un 12% máis que o ano anterior no mesmo período.

O presidente amosouse convencido de que Asturias terá un papel relevante no Xacobeo 2027,

cando a celebración volva atraer o interese internacional. Ademais, puxo de manifesto a boa sintonía institucional entre ambas Comunidades, lembrando os retos comúns en materias como a defensa do mar e da pesca, o impulso das enerxías limpas, a aposta por unha industria forte ou a loita común contra o reto demográfico.

Fixo fincapé no fronte común entre Asturias, Castela e León e Galicia para reivindicar avances na posta en marcha do Corredor Atlántico, unha infraestrutura clave para desenvolver todo o potencial do noroeste peninsular.

Máis de vinte mil galegos residen en Asturias

Asociación Galicia en Asturias cumpriu este ano o seu XXX aniversario en Oviedo. Como todos os anos as actividades iniciáronse o día 4 de setembro e duraron ata o día 14. Durante ese tempo estivo aberta ao público a carpa do colectivo na rúa Picasso da capital do Principado na que se desenvolveron as xornadas gastronómicas con diversas actuacións. Os días fortes foron o venres 12, sábado 13 e domingo 14 de setembro.

A Asociación Día de Galicia en Asturias está presidida, desde a súa fundación, por Manuel Fernández Quevedo, natural de Loureiro, Concello de Nogueira de Ramuín (Ourense).

Son uns 22.000 galegos os que viven en Asturias e máis de 17.000 os asturianos que o fan en Galicia.

Primer Plano TV, produtora audiovisual de Asturias, elaborou un vídeo no que o presidente do colectivo galego fai un repaso por estes trinta actos de vida da asociación que comezou celebrando só unha xornada no mes de setembro. Foi en 1995 cando se fundou esta entidade



Manuel Fdez. Quevedo, presidente da Asociación Galicia en Asturias.

“para reforzar a unión e hermanamento da terriña con este Principado que nos da cobixo e que tanto queremos”, dixo Fernández Quevedo.

Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral de Emigración na Xunta de Galicia dixo no XXV aniversario que “os galegos temos clara a nosa defensa da unidade e solidariedade. Uns valores que levamos alá onde imos e que no voso caso tedes achegado a Asturias”.

BAR FUENTEFRÍA

Callos
Empanadas
Afumados
Carnes
Queixos
Ensaladas
Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

acouBAR

Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.

Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

TABERNA A LAREIRA

Churrasco. Parrillada. Polbo.
Tño 617 64 93 88.

Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

ADEGA VELLA 5 GENERACIONES

Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfnos 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

OURENSE

A cidadanía será informada das novas liñas de bús urbano

O Concello de Ourense e a empresa concesionaria Avanza instalarán unha carpa desde o luns, 15, até o luns, 22 de setembro en diferentes barrios da cidade para informar a cidadanía acerca da nova rede de liñas do servizo de autobuses urbanos, que entrará en funcionamento o vindeiro martes, 16.

A carpa estará aberta todas as mañás de 11.00 a 13.00 horas, percorrendo diferentes localizacións, e cada tarde, de 17.00 a 20.00 h na Praza do Bispo Cesáreo. Así, o luns pola mañá estará en Bispo Cesáreo (Alameda), o martes na explanada da estación intermodal, o mércores na residencia (rúa Ramón Puga, 54, xunto ao quiosco), o xoves na Avenida da Universidade (número 18), o venres, na Praza da Mariña, o sábado e o domingo na Praza do Bispo Cesáreo e o luns seguinte, no Parque de San Lázaro.

O Concello de Ourense lembra que o servizo de autobuses urbanos será gratuíto desde o martes, 16, até o luns, 22 de setembro, pola celebración da Semana da Mobilidade.



Gratuidade en 2026

O goberno municipal presentará este outono para aprobación por parte do Pleno do Concello a ordenanza da gratuidade do servizo de autobuses urbanos, para que se poida implantar a mediados do ano 2026. Así llelo avanzou o alcalde de Ourense aos demais grupos políticos municipais no transcurso da xunta de portavoces que se desenvolveu na Alcaldía. A proposta do goberno local plas-

marase nunha modificación da ordenanza municipal reguladora do servizo. A gratuidade dos autobuses entraría en vigor a mediados de 2026, con cargo ao novo orzamento municipal que o Concello prevé aprobar para o dito ano e co novo contrato do servizo municipal. Ao remate da xuntanza, o alcalde valoraba a boa disposición dos demais grupos políticos para que a gratuidade sexa aprobada por parte do Pleno.

Marta Maes, cirurxiá ourensana, foi homenaxeada polos galegos en Oviedo

A doutora Marta Maes Carballo, foi homenaxeada en Oviedo pola Asociación Galicia en Asturias que valorou a súa traxectoria profesional. Na súa clínica de Ourense, ten como obxectivo "ofrecer resultados naturais e elegantes, utilizando as técnicas cirúrxicas e non cirúrxicas máis avanzadas disponibles". Explica que busca "proporcionar a cada paciente unha atención meticulosa cun enfoque na excelencia técnica". Como cirurxiá cunha profunda ética profesional, a humanización da medicina e a toma de decisións compartidas co paciente "son fundamentais na miña práctica



habitual. Comprométome a adaptar cada procedemento aos desexos específicos e necesidades dos pacientes".

Cruceiro en Villa Magdalena de Oviedo

Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia; Alfredo Canteli, alcalde de Oviedo, e Manuel Fernández Quevedo, presidente da asociación Día de Galicia en Asturias, inauguraron o cruceiro doado

pola devandita asociación galega que queda instalado nos xardíns de Villa Magdalena da capital ovetense. Esta figura é unha réplica exacta da peza que se atopa na praza das Cinco Calles, de Pontevedra, en cuxo pé



XXX Ourense Film Festival

Xosé Merelles, director de Turismo de Galicia, participou na presentación da 30 edición do Ourense Film Festival (OUFF. Destacou “o carácter único deste evento, o certame internacional competitivo máis antigo de Galicia, e a proxección que este supón para toda a provincia de Ourense e para Galicia, ao poñer a comunidade no mapa dos certames audiovisuais”. O OUFF desenvolverase do 26 de setembro o 5 de outubro.



Ademais das seccións oficiais de longametraxes e curtametraxes a competición -a internacional e Panorama Galicia-, incorpórase Faíscas, unha residencia audiovisual para que menores de 30 anos elaboren a súa obra durante o

propio festival.

Créanse tamén as seccións Made in OU -na que se visionarán traballos de creadores ourensáns-, Xanela -que presentará catro proxectos audiovisuais en fase de desenvolvemento-, e Agarimo,

pensada para recoñecer a figuras destacadas do cine e a cultura. Neste primeiro ano homenaxeará á actriz Angela Lansbury e á escritora Carmen Martín Gaité, coa proxección de varias das súas obras

Lucía Pérez ofrece un concerto á Transición Española e á Constitución

Asociación Día de Galicia en Asturias rendeu homenaxe ás persoas e partidos políticos da Transición Española e aos pais da Constitución, cun concerto da artista galega do Inicio, Lucía Pérez, no Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo. Xa pola noite, o colectivo organizou unha gran queimada na carpa situada

na rúa Picasso.

Non é a primeira vez que a cantante galega, que foi representante de España en Eurovisión no ano 2011, participa nos actos que organiza desde hai trinta anos o colectivo galego. Este ano o fixo na Sala de Cámara do Auditorio xunto con Antonio Barros e a pianista Ialma.



Na foto de Juan Carlos Román a actuación de Lucía Pérez.

Travesías culturais polo Canón do Sil



A naveira Catamarán Ribeira Sacra, coñecida como Catamaráns Río Sil, (anteriormente Viaxes Pardo) con sede en Doade, realiza as súas travesías partindo do Embarcadero de Paradela (Castro Caldelas), desde hai 30 anos. Os seus actuais promotores están a impulsar un novo tipo de turismo fluvial no Canón do Sil ao considerar que o modelo actual quedou obsoleto e sen contido intrínseco máis aló de facer roteiros monótonos e aburridos para o viaxeiro.

A empresa organiza travesías culturais nas que se pretende que o visitante que chega hantido da gran cidade mergúllese na tranquilidade, a beleza e a cultura popular dos moradores. Un mindfulness completo ao

que, perante as fins de semana, únense actuacións musicais, poético-narrativas, representación de oficios como ou barquilleiro e o afiador, así como outras actuacións sempre baixo o prelá da cultura popular.

O obxectivo de facer vivir, sentir e transmitir a riqueza interior cúmprese en toda a súa intensidade xa que eses visitantes ao termo da travesía modificaron o seu modo de apreciar o tempo, o espazo, a riqueza rural, a valoración do pequeno e a memoria de todos aqueles que construíron os bancales, símbolo do esforzo, da viticultura heroica e dun modo de amar a terra.

Ata final de tempada, Catamaráns Río Sil programou actuacións todas as fins de semana ata novembro.

PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
PLATOS
VEGETARIANOS Y VEGANOS

Maria Tapas Bar

Rúa Unión 1
651 853 881

el París
abril 1981

Pedidos por whatsapp:
621 341 998

menú

Lepanto, 9
Ourense

Bar Orellas

Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado.
Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico.
Queixo manchego e Arzúa.

Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE

catamaranesriosil.com
988215100

TRAVESÍAS CULTURAIS

Catamarán Ribeira Sacra®

OPINIÓN

Por Francisco Peña. Científico, académico, experto en saúde ambiental.

O Teixadal de Casaio resiste o lume grazas á heroica

O bosque frondoso máis vello de Galicia, o Teixadal de Casaio (Carballeda de Valdeorras-Ourense), reliquia natural única en Europa, formado por máis de 400 teixos centenarios, situado no corazón do macizo galaico-leonés de Pena Trevinca /ZEC – Rede Natura 2000) resistiu ao lume -coa axuda heroica de veciños, axentes e brigadistas da Xunta de Galicia- que afectaron á contorna e ás ladeiras do macizo, que están queimadas...

Os incendios forestais son unha lacra para Galicia, as causas que os orixinan son moi diversas:

falta de limpeza regular do monte, ausencia de aproveitamento sostible, olas de calor, sequía, negligencias, incendiaros. O abandono do rural contribuíu ao avance do lume nesta ola de incendios en Galicia, que asola outros territorios de España e Portugal, coa conseguinte erosión da paisaxe. Hai que abordar as causas con solucións eficaces: agrupación da propiedade forestal para unha xestión conxunta e eficiente do monte a base de dedicar máis recursos á limpeza do monte, valorización económica sostible, innovación e tecnoloxía, técnicas de prevención, fomentar a educación forestal sostible na

poboación escolar para que aprendan a amar aos bosques, todo elo coa finalidade de protexer a paisaxe e a vida das persoas, ademais de defender a economía e o emprego.

Galicia ten un inmenso patrimonio forestal, con máis de 2 millóns de ha dedicadas a uso forestal (70% arbolada), é a 1ª potencia forestal de España (principal rexión productora), a 9ª a nivel europeo por produción, e a 2ª rexión de España que ten máis superficie – 478.000 ha con xestión forestal sostible e certificacións forestais como PEFC. O bosque cumpre múltiples funcións: productiva, protectora e social. A economía de miles de familias galegas depende dos recursos que xeneran os montes (madeira, castañas, mel, etc.). É preciso impulsar unha política preventiva dirixida a protexer os nosos bosques e ecosistemas forestais, fomen-

tando as boas prácticas para unha xestión sostible do medio forestal que permita a conservación da biodiversidade e da paisaxe (debe terse en conta o criterio paisaxístico), ademais de resaltar os valores culturais. Os bosques urbanos actúan como pulmóns verdes, garantía de biodiversidade e escudo fronte ao cambio climático.

O patrimonio forestal de Galicia é unha responsabilidade compartida. Altura de miras, visión de futuro e unidade de acción son as claves para converter a Galicia nun referente europeo na xestión forestal sostible. Xuntos podemos conseguirlo, está en xogo o futuro de Galicia.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Estamos instalados nesta mentira

Tanto é así que socialmente xa se acepta como se fose algo que provén da noite dos tempos. Cousa que é certo, anque ninguén estivese alí para certificarlo. Pode ser que xa os humanos desde antes mesmo de empregar verbas e sons xa mentiramos en signos. Algo así como os pescadores que aumentan o tamaño das pezas que pillaron, cando falan no curro da taberna en clave de fazañas. E chegamos aquí, a este estado de elasticidade onde como todos menten, aceptamos calquera trola como argumento para xustificar a historia, a cotiá, a do presente. É difícil librar dela, da mentira, está en case todos os titulares, todos argumentan sésegos e parcelas de mentira, de non verdade, de pos-verdade -que queda moi práctico e elegante, de media mentira, de media verdade, de bulo, de alburgada, de chufa, de farol, falsidade, embuste, fraude, impostura, ...trapalladas que levan ao poder seres como os que vemos. Dramático todo, non? As fotos, que tamén menten, aínda así indican a esquizofrenia habilidosa das propagandas, da habilidade da mentira para modificar detalles fundamentais, das conciliacións ideolóxicas que -equivocadas- confabulan acusacións de tal xeito que para defenderse do insulto hai que



deixar de aparecer, de falar, de traballar. Para evitar as conspiracións hai que apartar do camiño ou facer fronte deixando de facer o que se debería estar a facer. Son mecanismos de informacións falsas, de interlocutores adictos á sospeita, de ausencia e rectificacións contra-intuitivas, redes de distracción e panfletos, gacetas e boletíns de base cativa e rumorosa, quizais falsa. É así como se montan as traizóns, a difusión de mentiras maliciosas, as conversacións en redes que difaman desde anonimatos que controlan a comunicación, a expresión regular das nosas liberdades. Difaman sen probas, crean o bulo, espe-

culan e ofenden, gardan a man. Pero sempre agachan fragmentando o espazo público e fuxindo da verdade e do correcto, dese fundamento social que nos faría medrar e resolver.

Hoxe prémianse contidos de confrontación e indignidade, por iso non aceptamos estar equivocados e vendemos fume, aceptamos que nolo vendan. Hai mil escusas para xustificar a idea máis peregrina, por iso deixamos que campen as mentiras como fan en lugar de responder debidamente. A música son case sempre pre-gravados, perdeuse a naturalidade, ninguén ou moi poucos tocan en directo. Triunfou, hai que dicilo o ruído e a especulación dos macro mediadores que operan nos escenarios, nas aglomeracións con decibelios pactados nas sensacións, tamén programadas, que seducen desexos e cotizan alto. Non se empregan linguaxes comunicativas directas con capacidade narrativa, vocalizacións debidas en vez de farfallar entre os dentes mensaxes de derrota e rabano. A prensa, radio e televisión de sempre son proba evidente. Nos titulares

vense perfectamente quen paga a subvención. Aceptamos a mediación de influenciadores/as, cos seus cantos de serea. Avogamos polo doce ata a repugnancia e o empacho, polo previsible. E se non é China son os E.U.A. Alá é onde se cocen castañas. Mentres en Oriente Próximo, esquecida Ucraia, seguen as augas alodadas e nós mirando como se cometen xenocidios e abusos en forma de guerras, de falta de todo, entre todos os abusos imaxinables, nas descarbonizacións falsas, nas politizacións da xustiza e viceversa, de mangonéos ad litem, crises climáticas e consecuentemente catástrofes como as vividas en riadas e incendios, mausoleos ilícitos de estraño destino, de masificación turística e xentificacións abusivas, atropelos e crimes paranoicos, violencias de xénero e de número, de migrantes deixados de todo, de escándalos políticos e sexuais, de promesas incumpridas, de Orbáns, Mileis, Trumps que ameazan os horizontes do mundo e o perfil da nosa casa por moi lonxe que escapemos. Ata aquí chegamos da man de tanto embolado, da man dunha diagnose perturbada en datos, datos que foron adulterados e mentidos, manipulados e cheos de negacionistas fracasados que non querer recoñecer o seu erro e axudan a este caos.



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

A grave responsabilidade do PPdeG nos lumes

Non é certo que sempre existisen na Galicia as actuais políticas de desleixo na prevención, abandono do medio rural e privatización das actividades de extinción. Estas políticas teñen a súa orixe na volta ao poder da Xunta do PP, en 2009.

A vaga de incendios forestais de agosto de 2006 tivo un impacto devastador en Galicia e provocou unha forte reacción por parte do goberno de coalición BNG-PSdeG. Diante da magnitude da crise puxéronse en marcha diversas medidas co obxectivo de previr futuros incendios e mellorar a xestión do monte. Entre as principais accións legislativas cómpre salientar:

i. O Decreto 105/2006, anterior nunhas poucas semanas aos lumes daquel agosto, que estableceu medidas de prevención de incendios forestais, protección de asentamentos rurais e regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais. Adquiriría unha relevancia aínda maior despois da crise, subliñando a necesidade de que a Xunta colaborase cos concellos na elaboración de plans de protección e defensa, e asumise directamente traballos preventivos en faixas de especial protección non realizadas polos propietarios.

ii. A Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que tiña como obxecto defender os montes e terreos forestais fronte aos



incendios e protexer as persoas e os bens, promovendo unha política activa de prevención. Entre os seus puntos chave figuraban o establecemento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) como instrumento básico de planificación, a creación de redes de faixas de xestión de biomasa (primarias de 125 mts de largo e outras de 100 mts de protección de núcleos poboados), obrigando a propietarios e titulares de infraestruturas a mantelas limpas, a prohibición de repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais, así como en zonas de labranza, cultivo, prados ou

pastos, o reforzo das estruturas de extinción e prevención, o afondamento na educación, sensibilización e divulgación agroforestal, a promoción da constitución de masas de especies arbóreas caducifolias ou de baixa inflamabilidade e mailo reforzo dos dispositivos de extinción e prevención.

Nos tempos da xestión nacionalista na Consellería de Medio Rural existiu un incremento de medios humanos e materiais destinados á loita contra o lume, así como unha mellor coordinación entre as distintas administracións implicadas. Por outra banda afondouse na sensibilización e concienciación da cidadanía sobre a importancia da prevención e o coidado do monte. A Lei 3/2007 marcou, deste xeito, un antes e un despois na lexislación galega en materia forestal, establecendo un marco moito máis robusto para a xestión de biomasa e a prevención do lume.

Coa chegada do Partido Popular ao Goberno da Xunta en abril de 2009, a política forestal e de loita contra os incendios experimentou unha moi substancial modificación e reorientación nas prioridades. Malia que a Lei de 2007 non foi derrogada, foi obxecto de sucesivas modificacións e desenvolvementos normativos por parte do novo goberno que, canda a Lei 7/2012, de montes de Galicia, afectaron nomeadamente á prevención de incendios, flexibilizando a prohibición de plantar eucaliptos en terras agrarias e a política de reordenación da propiedade (suprimindo as Unidades de Xestión Forestal-UXFOR- creadas polo goberno de coalición) o que incrementou a superficie forestal de especies pirófitas e o abandono do rural. Por outra banda, re-

duciuse de xeito desaqueado e imprudente a 50 mts a faixa de protección primitiva da Lei 3/2007 dende os 125 e 100 mts primitivos.



Porén, como xa fixera o Goberno Fraga con Romay Beccaría, mentor de Núñez Feijoo, de conselleiro, púxose o foco na loita contra o suposto "incendiario": O goberno do PPdeG acentuou o discurso sobre a intencionalidade dos lumes e a persecución dos incendiarios, o que desviaba a atención das causas estruturais e da necesidade de mellorar a xestión do monte, como xa demostrara a ampla pescuda desenvolvida polo anterior Fiscal Superior de Galicia, Carlos Varela.

As vagas de lumes de 2017 e 2022, canda a actual de agosto de 2025, amosaron á ineficacia e falta de coordinación do dispositivo de extinción. Velaí a súa efectiva desmontaxe en outubro de 2017, antes do peor da vaga daquel ano, as 190 vacantes deste ano, denunciadas pola CIG e a CSIF ou a privatización monopolística da xestión dos medios aéreos denunciada recentemente pola xornalista Cristina P. Marcote.

E, por riba de todo, os Gobernos da dereita amosaron a súa cativa preocupación por afondar nas causas últimas do lume, máis alá da condena aos incendiarios. Nin o abandono do rural, nin a fragmentación da propiedade, nin a expansión de especies de rápido crecemento e alta combustibilidade foron abordadas de xeito efectivo. No foco de Rueda e Núñez Feijóo só hai "incendiarios".

A OFICINA
Bar de petiscos

Fixemos reformas para comodidade dos nosos clientes

Tfno. 988 31 80 83
Juan de Angas, 12
O COUTO (Ourense)

TRAVESÍAS CULTURAIS

catamaranesriosil.com

988 215 100

Mesón do Manolo
Restaurante - Cafe Bar

Mesón do Manolo

Menú diario 14 euros.
De luns a venres.

Fin de semana pechado,
agás para ceas de empresas
ou grupos, previa reserva.

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

CONDADO/PARADANTA

Arbo aproba os seus Orzamentos 2025

O Concello de Arbo aprobou os seus orzamentos para o exercicio 2025 que inclúen unha asignación significativa para fortalecer os servizos públicos, permitindo así reforzar as áreas sociais, culturais, deportivas e infraestruturas, así como apostando pola sustentabilidade e o desenvolvemento a longo prazo en obras e proxectos.

Destacan así a creación da



nova Gardeira Municipal, adquisición de parcela no Consistorio, Renovación do abastecemento e

ampliación do Camiño na Abeleña, Mellora do acceso a Maraña, mellora dos Sendeiros turísticos, mellora Camiño no Requeixo ou a compra de camiión para recollida de Residuos. Tamén estipula subvencións destinadas á Banda de Música de Arbo, o ARBO, C:F, Veteranos de Arbo, Asoc. Evaristo de Sela, A.C Barca de Loimil e ao Colexio C.E.I.P Antonio Carpinteriro e a Asoc. De Pais e Nais A Lumbre.

48.000€ para melloras en Esmoriz

O Concello de Arbo asinou un convenio coa Xunta para a realización de obras de mellora de pavimentación nas vías municipais de Esmoriz, na parroquia de Mourentán, cun monto de 48.368,08€ e un prazo de execución das obras dun mes.



Unha Biblioteca sostible

O financiamento da Xunta por valor de 53.564,74€ e un prazo estimado de execución de tres meses, o Concello de Arbo iniciou o proceso de licitación para a execución dunha serie de melloras na Biblioteca Municipal

"Segundo Gil Dávila", co obxectivo de optimizar a eficiencia dos servizos ofrecidos e reducir os custos de xestión mediante a implementación de medidas de eficiencia enerxética como bomba de calor aerotérmica e iluminación LED.

12 bolsas universitarias en Arbo

O Concello, en colaboración coa Fundación "Segundo Gil Davila", anunciou a convocatoria de doce axudas de estudos destinadas a

novos estudantes universitarios no presente curso académico 2025/2026. Cada bolsa ten un valor de 1.000€ e está deseñada para apoiar a quen desexa conti-

nuar a súa formación académica en institucións do sistema educativo español. O prazo de presentación de solicitudes é do 15 de setembro ata o 15 de outubro.

Enoturismo de calidade

O Concello de Arbo, en colaboración coas adegas locais de Denominación de Orixe Rías Baixas, impulsa

unha campaña de promoción do seu patrimonio enoturístico que permita coñecer directamente proceso de produción, dende o

coidado das viñas de las viñas ata o embotellado.

Manancial do Monte do Muíño

Co finalidade de garantir un mellor abastecemento, o Concello de Arbo procedeu á apertura dun

manancial no Monte do Muíño como fonte adicional de auga potable. A obra ascende a 44.764 euros.

Por Antón Mascato

A Voltas coa "Vuelta"

Debeu ser, non o lembro con precisión, no ano 1984, a "Vuelta" ciclista ía pasar polo Condado do Tea, Pontearreas, Mondariz, Covelo, A Cañiza. Estaba en apoxeo Álvaro Pino e nós tiñamos a un compañeiro no cárcere, Manolo Soto, de Salvaterra, fundador da Sociedade Cultural e Deportiva do Condado, do Bloque Nacionalista Galego, do Festival de Poesía no Condado e Presidente do Comité de empresa de Censa, no Porriño, con trescentos traballadores do metal. Acusábase de delitos que non cometera (non militaba no Exército Guerrilleiro do Povo Galego Ceive) nin participara en accións armadas, polo que logo de pasar dous anos nas celas de Alcalá Meco, tiveron que poñelo en liberdade, xa que non puideron manter no seu xulgamento as graves acusacións que na instrución fixera un policía corrupto, chulesco e represor (o comisario Rosino, logo implicado, el si, en actividades terroristas, nos Gal de Felipe González).

Seus amigos non podíamos deixar pasar a oportunidade de facer visible a solidariedade con Soto, así con Picho Suárez, secretario do Concello de Salvaterra; Xosé González, técnico sanitario; os imáns Bértolo, boticario e adegueiro; Luís "Nosoeido", empresario de hostalaría; Alfonso Soto,



Manolo Soto

dono dunha adega de viños; Paco Quintas, xerente dunha empresa de moblaxe e outros que non lembro, pasamos toda a noite anterior á pasaxe da etapa polo Condado pintando nas estradas "Soto Liberdade". Saíu en todas as retransmisións televisivas porque os realizadores ignoraban que esas pintadas eran de solidariedade política; para rexouba de toda a comarca consciente de quen era Manolo Soto.

Aínda así, lembro que nos acusaron algunhas mentes "apolíticas" e "ben pensantes" de manchar o deporte ao politizalo. Nada novo...

Tal como agora lle espeta esa mesma caste de "xente de orde", á dignidade das persoas que aproveitan para, ao pasar da serpe colorida, manifestárense contra o xenocidio sionista en Palestina; serpe que revirou en víbora coa presenza dun equipo de procedencia israelí financiado con capital da órbita sionista.

A Soto, independentista coherente, os dous anos de cadea, da que saíu libre de calquera culpabilidade, desgrazáronlle a vida, pesou máis o informe daquel policía represor que o do alcalde de Salvaterra, logo militante do PP, proclamando na prensa a súa inocencia e que "Manolo Soto é ouro de lei"; ou a postura do Comité de empresa de Censa negándose a substituílo na presidencia do Comité, mentres estivese preso e dándolle unha grande homenaxe de benvida cando o soltaron, o que foi posible porque procuramos un magnífico avogado penalista que pagamos entre os seus amigos (Paco, Xosé, Picho, Vitoria, Xulio, Antón, Cristina, Ana, Luís, Alfonso...). Indo visítalo cada quince días, en quendas de catro, viaxando toda a noite en coche, para estar media hora con el e volvendo na mesma mañán a Vigo.

Cando o puxeron en liberdade, sen cargos, o Xuíz disculpouse con el decíndolle: -O sistema, ás veces, comete erros. Vostede pode saír libre, sen cargos, e tendo dereito a unha indemnización, mais se a reclama, ao próximo preso que teñamos

que poñelo en liberdade, non poderemos facelo, teríamos que ditar unha sentenza mínima para que non se resintan as arcas do Estado pagando indemnizacións.

Perversa maneira de actuar. Non preciso dicir que a ética de Manolo Soto optou por facilitar a saída sen cargos de futuros presos inocentes.

Conto todo isto porque creo que diante das inxustizas non podemos poñernos de canto nin mirar cara outro lado, porque se o facemos seremos moralmente indecentes e facilitaremos que algún día nos atinxa a barbarie. Por iso estaremos o martes 9 con bandeiras de Palestina na etapa da "Vuelta" que sae de Poio e remata en Mos, e pintaremos as cores vermella, branca, negra e verde nas estradas ao paso dese equipo financiado polo sionismo criminal, contra o xenocidio e a fin da guerra de exterminio en Gaza.

E lembraremos ao Manolo Soto que tamén estaría manifestándose a pé de carreira ciclista se as secuelas do cárcere e os malos tratos recibidos non mermaran a súa saúde ata falecer prematuramente.



Michel Salgado, Fillo Predilecto de As Neves

O ex futbolista do Celta, Real Madrid e da Selección Española Michel Salgado foi homenaxeado polo Concello das Neves como Fillo Predilecto nun acto institucional realizado no Salón de Plenos. Os actos continuaron posteriormente coa entronización do seu nome ao Complexo Deportivo da Caiña, onde foi recibido polas diferentes categorías do Nieves FC e do Club Bádminton As Neves no campo de fútbol Pepe Capón.

O pleno municipal da corporación celebrado este 13 de agosto aprobou este nomeamento por maioría, cos votos a favor do PP e a abstención do resto de grupos políticos. O Alcalde José Manuel



Alfonso fixolle entrega do diploma acreditativo e da insignia de fillo predilecto, quedando inscrito no Libro Rexistro de Honras e Dis-

tincións do Concello. Salgado atópase actualmente en Emiratos Árabes Unidos con emprendementos relacionados co fútbol.

Renovación no Colexio Antonio Carpineiro

O equipo de Goberno da Xunta de Galicia aprobou o investimento de 515.000€ para levar a cabo obras de renovación nas cubertas e xanelas do Colexio Antonio Carpineiro en Arbo.

As actuacións previstas inclúen a substitución das cubertas desgastadas e a modernización das xanelas, co obxectivo de optimizar a eficiencia enerxética do edificio e mellorar as condicións de habitabilidade. O investimento busca



tamén reducir os custos de mantemento a longo prazo, contri-

búndo a un uso máis sostible dos recursos públicos.

Case mil visitantes no Museo do Viño

Entre os meses de abril e xullo de 2025, o Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea, que acolle tamén o Punto de Información Turística Rías Baixas, rexistrou un total de 965 visitantes, fronte aos 591 contabilizados no mesmo período de 2024, o que supón un incremento superior ao 60%.

Recibíronse tanto visitantes individuais como grupos organizados de Galicia, Madrid, Cataluña, Canarias e Valencia. Do exterior viñeron de Portugal, Francia, Suíza, Inglaterra, Irlanda, México,



Brasil, Arxentina e EEUU. Ademais, cómpre destacar a visita de grupos institucionais a través da Depu-

tación de Pontevedra, entidades de desenvolvemento rural (GDR) ou axencias de viaxes.

Marcha Nórdica no Parque da Canuda

O vindeiro 7 de setembro, o Parque da Canuda acollerá o Campionato de Marcha Nórdica Xunta de Galicia 2025, tanto na categoría individual como na de clubes na III Proba e Final da Copa Xunta de Galicia de Marcha Nórdica. Ese mesmo día celebrarase o II Campionato Aberto Municipal de Marcha Nórdica de Salvaterra.

A organización, liderada polo Clube de Montaña Airiños e coa colaboración da Federación Ga-



lega de Montañismo, Xunta, Deputación e o Concello preparou unha atractiva ruta adaptada a todos os niveis, cumprindo os estándares técnicos da federación e garantindo a seguridade de todos os participantes.

XLI Torneo Vila de Arbo



Arbo C.F. e o Nieves F.C. disputaron a XLI edición do Torneo Vila de Arbo no Campo Municipal de

Fútbol, quentando motores de cara á tempada 2025/2026. Por outra banda tamén celebrouse o Gran Torneo de Veteranos.

Descenso a nado no Miño



Un total de 120 nadadores participaron este 23 de agosto no primeiro descenso a nado de Salvaterra en 3 distancias diferentes: 4K,

2,5K e 1K, nas categorías Elite, Máster e Infantil. O evento foi organizado polo Clube Natación Pontareas contando igualmente coa colaboración do Concello.

Máis información na nosa web

www.novasdоеixoatlantico.com



LA OJIVA
ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
Telf: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com



BAIXO MIÑO

TUI

"Setembro xudeu"

Co apoio da Red de Jude-rías de España, Tui afon-dará na súa rica historia e patrimonio coa celebración do "Setembro xudeu". A programa-ción consta de visitas guiadas, música, gastronomía, películas, un programa semanal na Radio Municipal de Tui e outras activi-dades.

Neste 2025, o tema "O Pobo do Libro" salienta o esforzo co-



lectivo das 21 cidades da Red de Jude-rías de España para preservar o legado sefardí e promover o coñecemento das contribucións históricas e culturais das comu-nidades xudías. A iniciativa conta igualmente co apoio do Movi-miento de Combate al Antisemi-tismo y la Asociación Europea para la Preservación y Promoción de la Cultura y el Patrimonio Ju-díos (AEPJ).

Liderado en inicio dos Camiños de Santiago

Tui consolídase como o se-gundo lugar escollido polos peregrinos e peregrinas para iniciar a súa peregrinación a Santiago de Compostela por detrás de Sarria. Os datos de pere-grinación do mes de agosto confirman que un total de 8.405 peregrinos comezou en Tui o seu itinerario xacobeo, especificamente o Camiño Portugués. Sarria, no Camiño Francés, supera a Tui con 25.639 persoas.

Un 57% dos peregrinos que



realizaron o Camiño Portugués no pasado mes de agosto esco-lleron a Tui como etapa inicial. Concretamente o Camiño Portu-

gués contou con 14.691 peregrinos (deles 9.089 españois e 4.936 de orixe estranxeira) mantendo a cifra do pasado ano.

Éxito de "Coñece o teu patrimonio"

Máis de medio millar de persoas participaron neste verán nas seis activi-dades que conformaron o pro-grama "Coñece o noso patrimonio", organizado polo Instituto de Estudos Tudenses en colabo-ración coa Concellería de Turismo e Patrimonio do Concello de Tui.

O programa rematou con máis dun centenar de persoas na visita guiada á Igrexa de San Telmo, da man do historiador da Arte José Ramón Fernández. Este ano o



programa estendeuse tamén a Va-lença onde se realizou un perco-rido polo mosteiro de San Fins

de Frietas guiado polo investi-gador e membro do Instituto de Estudos Tudenses.

Festival de Bandas de Música



Tui acolleu este 23 de agosto na praza de San Fernando o XXX Festival de Bandas de Música coa parti-cipación da Bandas de Musica

de Vila Boa de Quires, a máis antiga de Portugal xa que foi creada en 1712; Salceda de Caselas, e a de Música Popular de Tui.

Concentración Cabalar de San Bartolomeu



A rúa Loureiro celebrou o domingo 24 de agosto a tradicional Concentración Cabalar de San Bartolomeu cun amplo programa que contou co espectáculo "Reality Show Ecuestre libre"; "Aires de Romero", se-

guido da entrega dos premios en diferentes categorías: xinetes, amazonas, cabalos, ponis, burros, mulas e carruaxes. O evento rematou co espectáculo "Experiencia Pura Vida Ecuestre", combinando arte ecuestre e tradición.

Homenaxe a Castelao

O Concello de Tui promove para este 28 de setem-bro no edificio da Praza da Inmaculada (antigo Pazo de Xustiza) un acto cívico de homenaxe a Alfonso D. Rodríguez Castealo co gallo da celebración do 75 aniversario do seu pasa-

mento. Esta iniciativa ten por nome "Os viños de Castelao" e correrá a cargo do historiador Bieto Alonso e da sumiller tudense Marina Cruces. Está tamén prevista a actuación musical de Pancho Álvarez, Quico Paz Antón e Alexandre González.

www.novasdoeixoatlantico.com

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Pontareas T. 986 66 00 00

Reforzo Escolar

MOTIVACION
TÉCNICAS DE ESTUDO
PREPARACION DE EXAMES
ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Avda de Galicia, 4- 1º PONTEAREAS
Telf: 675 088 316
info@academiatempos.es

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

Coordinación para a prevención de incendios en Tui

O Concello de Tui celebrou unha reunión de traballo con persoal técnico municipal, representantes da Garda Civil, Policía Local, Protección Civil e das comunidades de montes para coordinar accións de reforzamento da seguridade e prevención contra os incendios. Neste encontro acordouse establecer canles de comunicación directa entre Comunidades de Montes e Garda Civil para axilizar a transmisión de información e coordi-



nar actuacións inmediatas en caso necesario. Un informe da Garda Civil afirmou que Tui atópase en "boa posición" en materia de prevención.

Obradoiro conxunto entre O Rosal e Tomiño



O obradoiro de emprego "O noso patrimonio" recuperou catro espazos etnográficos do Rosal e Tomiño. Durante a formación, o alumnado levou a cabo varias labores de restauración en albanelería e carpintaría no camiño e muíños do Folón, no

muíño de Pedro, no lavadoiro do Regatiño e a súa contorna e no lavadoiro do Marco. As alcaaldes Ánxela Fernández Callís e Sandra González visitaron os traballos realizados nun obradoiro que conta coa colaboración co Xunta e o Servizo Público de Emprego Estatal.

Comité de Honra para o 800 aniversario da Catedral

O rei D. Felipe VI e a raíña Dona Leticia e o Presidente da República portuguesa teñen aceptado a presidencia do Comité de Honra das celebracións do 800 aniversario da consagración da catedral de Tui, que comezarán o 30 de novembro. Así o teñen comunicado tanto a

Casa da Súa Maxestade o Rei e a Casa Civil do Presidente da República portuguesa en resposta ao convite realizado polo alcalde de Tui, en nome do comité organizador deste evento no que participan tanto a Catedral tudense como as administracións públicas de Galicia e o Norte de Portugal.

No comité organizador participan o Concello e Cabildo catedralicio, a Xunta de Galicia, a Delegación do Goberno, a Deputación de Pontevedra, a Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal e outras entidades públicas e privadas do noso territorio".

De novo a concurso a auga de Gondomar

Trala decisión do Tribunal de Contratación emitida a principios de agosto de frear o actual contrato da auga ante a denuncia de tres empresas, Socamex SAU; Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia; e Construcciones y

Canalizaciones José Saa SL., aducindo "inseguridade xurídica e pouca transparencia", o Concello de Gondomar deberá sacar por terceira vez a concurso o contrato de auga e de saneamento municipal valorado en case 10M€.

Accesibilidade para as rúas Ireira e Baixo Muro de A Guarda

Con subvención do Plan +Provincia 2026, o Concello da Guarda investiu 102.500 € na adquisición en propiedade da rúa Ireira, 10, para a futura prolongación da rúa do Baixo Muro e a súa conexión coa rúa Ireira. Con este proxecto, a rúa do Baixo Muro obtería unha mellor accesibilidade, dando unha opción na que se eviten tramos de escaleiras que dificulten a paso de persoas con mobilidade reducida, cadeiras de rodas ou carriños infantís.



Compre recordar que todo o proxecto comezou cando un veciño con discapacidade demandou na xustiza ordinaria un acceso adecuado ás súas necesidades e foi a partires dese momento cando os gobernos caeron na conta desta posible actuación de apertura da rúa Baixo Muro. O proxecto contempla a demolición da parcela e parte das estruturas da vivenda, o que permitirá conectar as rúas sen barreiras arquitectónicas. Ademais instalarase un par de bancos e pequenas árbores para o lecer.

Camiño do Irmandamento

O Concello de Gondomar pon en marcha a VI edición do Camiño do Irmandamento, unha cita deportiva e cultural que terá lugar os próximos 4 e 5 de outubro de 2025.

Este evento busca fortalecer

os lazos de irmandade entre Galicia e Portugal a través dun percorrido de 150 quilómetros que conecta as vilas de Gondomar (Galicia) e Gondomar (Portugal), pasando por localidades como Caminha, Póvoa de Varzim e Porto.

O PSdeG reclama á Xunta que asuma a xestión do Conservatorio

O grupo socialista no Parlamento de Galicia, a través de pregunta oral, reclamou á Xunta que asuma de forma íntegra a xestión, financiamento e persoal

docente e non docente do Conservatorio Profesional de Música de Tui, actualmente sufragado polo Concello cun custo anual de medio millón de euros, cando é competencia autonómica.

RESTAURANTE
Pizzeria

SAN MARTÍN
desde 1994

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com

Tel.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvpontareas.es

☎ 886 21 61 51
URX. 603 61 02 23

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

Pacto do Río Minho

A Asemblea Xeral da AECT Río Minho acordou o proceso de creación do Pacto do Río Minho que pretende definir un Plan de Acción Estratéxico para solucionar problemas urxentes como o asolagamento do leito, que compromete a navegabilidade e dificulta a actividade pesqueira; a proliferación de especies exóticas invasoras; e as consecuencias das variacións de caudal. Estas demandas serán levadas ao vindeiro Cumio Ibérico a celebrarse en outubro en Vitoria Gasteiz, toda vez



a AECT iniciou contactos para implicar á Comisión Interministerial de Límites e Concas Hidrográficas Luso-Españolas (CILBH)

A pintura une a Tomiño e Cerveira



Organizada pola Eurocidade coa colaboración da Fundación Bienal de Arte de Cerveira e da Comunidade de Montes de Goián, a XIV edición do Certame de Pintura ao Aire Libre Antonio Fernández bateu o récord de participación con 40 artistas celebrándose de

forma simultánea en Tomiño e Vila Nova de Cerveira. Na categoría de adultos resultou gañadora Martina Bugallo. Na categoría xuvenil, a premiada resultou Sara Cerqueira, mentres que na infantil foi Tristán Villar quen se fixo co primeiro posto.

Unión Fenosa mellora a rede en Belesar

A empresa efectuou traballos de mantemento e desenvolvemento da rede eléctrica na parroquia de Belesar, concretamente no Barrio da Medialdea e nas seguintes rúas: Rua Reverendo Benedicto Polo, camiño Casteliño, camiño Castro, camiño Cívica, camiño Costa Do Xenio, camiño Eira Vella, camiño Gavin, camiño Grela, camiño Labadeiro, camiño Mancarelas, camiño Paseira, camiño Portamean, camiño Quirincosta, camiño Tomada, o lugar da MEDIALDEA, o



lugar do Paraxe Rego e a Praza Do Cruceiro. As obras tamén alcanzaron no camino Sapeiras do barrio do Urgal.

Autoconsumo enerxético para os máis vulnerables

O pleno do Concello de Baiona aproba por unanimidade o convenio coa Deputación de Pontevedra para a posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de tipo autoconsumo colectivo para tamén rebaixar a factura eléctrica a cando menos un 10% de veciños en situación de vul-

nerabilidade. A instalación fotovoltaica realizarase no Pavillón Municipal de Deportes e terá o seu radio de acción en 2KM ao seu redor. O investimento elixible admitido polo IDAE con fondos NextGeneration da Deputación de Pontevedra ascende 113.654,09 €.

Alfonso Rueda e Luis López en Mougás

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, visitou Oia xunto co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda; a conselleira de Medio Rural, María José Gómez; a Alcaldesa Cristina Correa e outros membros da Administración autonómica para comprobar os traballos de prevención de escorrentías na contorna de Mougás. Nunha das zona afectadas recentemente polos incendios forestais, o xefe provincial



do Servizo de Incendios en Pontevedra, Manuel Francisco Gutiérrez, explicou os traballos a realizar para a prevención de posibles inundacións cando cheguen as choivas.

“LoPróximo”, do móbil ao Río Miño

Unha nova campaña de comercio local en Tomiño, a plataforma dixital “LoPróximo” impulsada por ADETO, permitirá aos clientes atopar o que buscan dende o

teléfono móbil. Así o fixo Viviana Mariño, gañadora do Paseo en Barco polo Río Miño que sorteou ADETO entre os primeiros usuarios da plataforma.

Defensa persoal feminina

O Concello de Baiona celebrará de xeito gratuito o 17 de setembro un curso teórico e práctico de defensa persoal feminina. Traballaranse conceptos psicolóxicos tanto da vítima como do

agresor e o código penal así como tipo de prevención para situacións de risco de confrontamiento físico. O curso conta coa colaboración da FEGAMP e da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero.

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

(SPG) TALLERES

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865
www.cerrajeroremendon.es

24h.

Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO

COVELO

986 644 036
www.covelo.cc

grupoluco@covelo.cc

Da Louriña a Val Miñor, os Concellos mobilízanse contra os incendios

Os Concellos das comarcas da Louriña, Baixo Miño e Val Miñor reforzaron iniciativas de prevención e seguridade así como de solidariedade cos afectados ante os incendios locais pero tamén cos da provincia de Ourense.

Incendios controlados en Mougás (Oia) e Pintán (A Guarda)

Este 18 de agosto rexistrouse un incendio na localidade das Mariñas na parroquia oiense de Mougás, que obrigou a activar o nivel 2 de emerxencias. O incendio afectou 20 hectáreas de monte e a evacuación de 45 persoas dun camping e un corte de circulación na PO-552 que conecta con Baiona e A Guarda debido a que o lume ameazaba vivendas e o complexo hostaleiro Talaso Atlántico. As labores de emerxencias evitaron que o incendio se propagase pola Serra do Groba. O camping de Santa Trega na Guarda anunciou que abría as súas portas para socorrer ás persoas afectadas.

Ese mesmo día tamén rexistrouse un incendio en Pintán (A Guarda), moi próximo ao Rosal. A superficie afectada oscila entre os 2.000 e 3.000 km², obrigando a actuar á Policía Local, GES e a Xunta mediante acción coordinada a nivel terrestre e aéreo.

Mos e O Porriño solidarios con Ourense

Tras unha xuntanza telemática



co delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, e os alcaldes e alcaldesas pontevedreses, o Concello de Mos mobilizou efectivos municipais para a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) participando en distintas actuacións en puntos de Ourense como Monterrei, A Rúa ou Carballeda de Avia. Ó mesmo tempo, Concello, Fundación Pazo de Mos, Protección Civil e a asociación Mos Axuda iniciaron unha campaña solidaria de recollida de material como caldeiros, máscaras, luvas, botas, gafas de protección, vendas e colirios para as persoas afectadas polos incendios.

Pola súa banda, o Concello do Porriño tamén mobilizou recursos humanos e materiais municipais para loitar contra os incendios en Ourense. O operativo está presente na contorna do Concello de Melón, traballando en coordi-

nación cos equipos locais e a CE-COPI (Centro de Coordinación Operativa Integrado), unha instancia que se activa en situacións de emerxencia e que integra os mandos das administracións estatal e autonómica.

Comité de Seguridade en Baiona

O Concello celebrou unha reunión coas comunidades de montes de Baiona (Baiona, Baiña, Belesar, Santa Cristina, A Granxa e Baredo), con Comunidades de Augas, Protección Civil, Gestagua e Garda Civil, onde tamén estaban os servizos municipais da Policía Local, Medio ambiente e Vías e obras para poñer en común as accións para tomar en colaboración coa Xunta ante a vaga de incendios. A vixilancia no monte está a ser realizada polo corpo da Garda Civil, a Policía Local de Baiona e protección civil, así como algunha Comunidade de Montes.

Denuncian que os incendios son un "Prestige do interior"



Mediante comunicado, a Plataforma "Por un Monte Galego con Futuro" chamou este 21 de agosto a mobilizacións en toda Galicia ante a actual vaga de incendios cualificando a situación como de "Prestige do interior".

Demandaron a creación dun único servizo público, de xestión directa e dependente da Xunta, evitando a súa privatización; a declaración de "zona catastrófi-

ca" das áreas atinxidas polos lumes; accións inmediatas nas zonas queimadas para evitar a erosión destes solos; a suspensión da tempada de caza e pesca non só nas áreas queimadas; a preservación da biodiversidade natural; moratoria definitiva na plantación de eucaliptos e outras especies pirófilas; e a denuncia de que a Xunta siga empregando o monte galego como obxecto de especulación.

PSdeG: "Rueda debe sumarse ao Pacto de Emerxencia Climática"

Portavoz da Executiva do PSdeG Carmen Rodríguez Dacosta apelou á unidade política e social para facer fronte á vaga de incendios que está a arrasar Galicia e instou a Alfonso Rueda a sumarse ao Pacto de País sobre emerxencia climática anunciado polo presidente do Goberno, Pedro

Sánchez, e adiantado polos socialistas o pasado 13 de agosto en Maceda. Puxo así en valor o compromiso de Sánchez de prometer máis efectivos militares para reforzar o dispositivo contra os incendios e que permitiron o despregue de 250 militares adicionais á provincia de Ourense.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

MISCELANEA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Luís López | Presidente da Deputación de Pontevedra

“Pasamos dunha Deputación con política do muro a unha de tender pontes”

Alcalde de Rodeiro (2011-2023), presidente da Mancomunidade do Deza (2011-2019), Delegado da Xunta en Pontevedra (2021), deputado provincial e actualmente presidente do Partido Popular da provincia de Pontevedra, Luís López Diéguez (Rodeiro, 1978), tamén popular-

mente coñecido como “o lugués”, asumiu en 2023 a presidencia da Deputación de Pontevedra tras oito anos de goberno bipartito PSdeG-BNG. Nesta entrevista fai balance da súa xestión xusto cando cumpre a metade do seu mandato.

Chega ao ecuador do seu mandato. Que balance pode ofrecernos nestes dous anos ao fronte da Deputación?

Por citar só algunhas cifras, investimos máis de 235M€ nun milleiro de obras para os Concellos, apoiamos a 800 colectivos da provincia (asociacións, colectivos veciñais....) que estaban completamente esquecidos polo bipartito; situamos Pontevedra como provincia do deporte con máis de 36M€ de investimento para acometer 215 renovacións de infraestruturas municipais e incrementamos un 50% o apoio a deportistas, ademais de completar a renovación de Balaídos; en turismo redefinimos o destino Rías Baixas para levalo a interior con campañas premiadas mundialmente, aliámonos coa cultura coa compra do Teatro Cine Fraga de Vigo en colaboración coa Xunta, recuperando a Bienal de Arte de Pontevedra tras 15 anos de ausencia e levando por primeira vez na historia a Gala dos premios Mestre Mateo ao rural, a Lalín.

Tamén, desenvolvemos un pro-

xecto que ademais de cambiar o fondo, cambiou as formas. Pasamos dunha Deputación do bipartito que era política do muro a unha Deputación de tender pontes. Todos os alcaldes foron recibidos no Pazo provincial, regresamos ao Parlamento de Galicia, colaboramos coa FEMP... A ningún, colectivo ou persoa individual se lle pecha a porta nesta casa.

Resultou complicado o cambio na Deputación tras oito anos de goberno de Carmela Silva?

Todo o contrario. Na provincia había un clamor, en todos os estamentos da sociedade había un cansazo dese xeito de gobernar marcado polo sectarismo e a crispación. Era moi necesario un cambio de rumbo, agora as portas da Deputación están abertas para todo o mundo e a Deputación está máis presente ca nunca. Estamos na rúa, en todos os Concellos, escoitando a todos os colectivos, entendéndoos para despois atendelos. Como mostra, en dous anos celebramos 4.530 actos (un 83% máis que o bipartito no

mesmo período), 1.200 dos cales foron presididos por min; realizamos 395 visitas a Concellos e convocamos 222 conferencias de prensa. Nunca antes a Deputación fóra unha presenza tan activa, constante e familiar como con este goberno.

En decembro pasado anunciou o “orçamento máis grande na historia da Deputación”, con 209M€. O estado das contas sempre foron “miradas con lupa” dende a oposición. Que nos pode comentar sobre a saúde financeira da entidade provincial e cales son as prioridades de gasto?

Malia que ao chegar en xullo de 2023 fixemos un esforzo xestor importante porque atopámonos co orçamento practicamente liquidado, a Deputación cumpre con todas as súas obrigas orzamentarias e de control de gasto sen deixar de bater récords en investimentos municipalistas e axuda aos colectivos. Con todo, seguiremos vixiantes para que o Goberno central deixe de penalizar ás administracións que fan os deberes e nos permita poder in-



“Situamos a Pontevedra como a provincia do deporte”

vestir os aforros.

O programa +Provincia, ten similitudes co seu antecesor, Plan Concellos. É unha continuidade ou estamos ante unha iniciativa máis ambiciosa?

O Plan +Provincia é o Plan de Obras e Servizos que teñen todas as Deputacións, xa existía antes do Plan Concellos. Despois, cada goberno ten o seu proxecto e non todos os plans son iguais. Hai moitas diferenzas entre o +Provincia e o Plan Concellos. O primeiro é o orçamento: o +Provincia é o plan de obras e servizos máis alto de historia desta Deputación con 48,2M€. Uns recursos que se reparten de acordo a uns criterios obxectivos que por primeira vez ten en conta o reto demográfico para favorecer aqueles Concellos con poboación máis envellecida, máis dispersa ou que

máis habitantes perderon.

Outro aspecto característico que incorporamos este ano é a posibilidade de realizar investimentos plurianuais, o que lle confire máis flexibilidade e planificación aos Concellos. E, finalmente, unha cuestión fundamental: o plan +Provincia non ten as cláusulas “Anti-Xunta” que figuraban en anteriores plans do bipartito. Antes, se un Concello conseguía unha subvención doutra administración, automaticamente se lle reducía a achega da Deputación. Agora todo o contrario, animamos e incentivamos aos Concellos a buscar máis financiamento noutras institucións.

O turismo e a visibilidade do patrimonio están entre os sinais de identidade da súa xestión. Que novos proxectos se

PINTURAS
BARCO LEÓN
 PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
 ESMALTES - PAPELES
 PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 688 571 679. Ponteareas
 Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
 abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
 Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

agardan proximamente para a promoción provincial?

Hai en marcha unha nova estratexia para a promoción do turismo na provincia: a Estratexia Turismo Rías Baixas 61, un plan que busca a promoción dos atractivos turísticos dos 61 Concellos da provincia. Unha folla de ruta coa que estamos a consolidar un modelo de turismo sustentable que fuxe de masificacións e que promove a desestacionalización e descentralización das visitas ao longo de todo o ano e en todos os recunchos da provincia. Recursos como as distintas variantes do Camiño de Santiago, a ruta da camelia, o enoturismo ou a organización de toda clase de eventos deportivos e culturais son o camiño a seguir e unha fórmula que está a demostrar o seu éxito porque cada mes o destino Rías Baixas bate récords de visitantes, capta un maior turismo internacional e segue a acaparar titulares e premios en todo o mundo.

Cando asumiu o seu mandato prometeu unha maior difusión do galego dentro da administración provincial. Como está avanzando neste aspecto?

Eu son galegofalante en todas as facetas da miña vida e tamén, por suposto, no exercicio das miñas funcións como presidente da Deputación de Pontevedra. Ademais, tomei a decisión de que o

Servizo de Normalización Lingüística desta Administración forme parte, desde que tomamos posesión de goberno, das miñas competencias específicas como Presidente. Ao longo destes dous anos non só empregamos a lingua galega como idioma vehicular en todas as nosas accións, senón que fomentamos a promoción do galego con máis axudas e máis recursos para promover as publicacións en galego. Sen ir máis lonxe, no pasado mes de xullo, aprobamos as axudas para que entidades sen ánimo de lucro editen obras en galego cun importe total de 100.000€, unha suba de 10.000€ con respecto ao ano 2024, no que tamén subimos o orzamento con respecto ao ano anterior. Pero temos máis: puxemos en marcha unha xira de contactos en galego centrada na poesía popular das cantareiras con motivo do Día das Letras Galegas; convocamos o primeiro certame dos Premios Castelao para promover a creación de obras teatrais en galego; colaboramos con 150.000€ para a normalización do galego en 41 Concellos da provincia e moitas outras iniciativas para seguir poñendo en valor a nosa lingua e animando a toda a veciñanza a falar en galego.

Nos últimos anos estamos observando a nivel estatal un de-

bate sobre a utilidade política e administrativa das Deputacións; incluso algúns defenden a súa supresión. Como analiza este debate? Cre que pode ter incidencia no futuro?

Como municipalista convencido que son, ex Alcalde dun Concello pequeno e presidente da Deputación de Pontevedra son un firme defensor da utilidade e do necesarias que son as Deputacións. Cos problemas de financiamento e de falta de medios técnicos e humanos que teñen moitos Concellos, coa dispersión de poboación que teñen provincias coma a de Pontevedra e cos miles de quilómetros de estradas que vertebran o noso territorio, o labor da Deputación de Pontevedra, como unha administración que presta unha valiosísima asistencia aos Concellos, que promove a igualdade entre territorios, que impulsa proxectos para modernizar infraestruturas e servizos e que destina ducias de millóns de euros a manter a seguridade nas estradas e a potenciar a conexión entre vilas, está máis que xustificada. Somos coherentes: defendemos as Deputacións porque acreditamos que teñen utilidade. Outros partidos piden a súa desaparición agás cando teñen que cobrar delas ou gobernalas.

Con Vde. ao fronte, o PP recuperou o control político na pro-



“Nunca antes a Deputación fóra unha presenza tan activa, constante e familiar como con este goberno”

vincia de Pontevedra, toda vez mantén a súa hexemonía na Xunta de Galicia. Pensando de cara ás eleccións municipais 2027 e autonómicas 2028, observa con optimismo a continuidade destes bos resultados?

Independientemente do escenario electoral, o Partido Popular de Pontevedra nunca deixa de traballar polo benestar da veciñanza. Por suposto, o PP sae a gañar as eleccións nos 61 Concellos da provincia pero non pensamos nos resultados, senón en traballar a diario, que é o que

estamos a facer. Somos o único partido con representación en todos os partidos xudiciais da provincia. E iso danos unha foto fixa e en tempo real de todo o que pasa na nosa provincia. Pero nunca se pode dar nada por feito. Teño visto tanto derrotas como vitorias que non se esperaban.

Tras ser Alcalde de Rodeiro e agora presidente da Deputación, ten outras aspiracións políticas futuras?

Eu débome á veciñanza da provincia e ao meu partido. Non penso noutra cousa.

JJ Copas
Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos
Avda. Galicia
Ponteareas

ATLANTICOLOR
Ferretería
y pinturas
Tlf.: 986 669 955
Permitido acceso de vehículos
zona carga y descarga max. 15 minutos
Rúa do Salgueiro, 7 Ponteareas

Asesoría Técnica Agrícola
AGROVITIS
Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797
Avda. Ciclista
Dello Rodríguez nº4 baixo
36860 Ponteareas
agrovitis@agrovitis.es
www.agrovitis.es

**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfnos: 986 660 896 - 604 047 703

**CENTRAL
AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.**
Agro - Jardín - Ferretería
comercialareas@hotmail.com
986 66 11 91 - 629 52 24 18
Areas Picoto 36861 - Ponteareas

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA
Pasión por la Belleza
C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

III Circuito de Atletismo en Pista

Coa colaboración da Federación Galega de Atletismo, a Deputación da Coruña vén de aprobar as bases, a convocatoria e o orzamento do III Circuito de Atletismo en Pista, unha iniciativa que ten como obxectivo fomentar o deporte federado nas categorías base.



O circuito desenvolverase en tres xornadas competitivas, nas categorías sub-10, sub-12 e sub-14 que estean empadroados nalgun Concello da provincia e contén con licenza federativa en vigor, sempre que non estean sancionados. Nas edicións anteriores participaron máis de 500 atletas.

Modernización de 302 pymes

A Deputación da Coruña destina 2.758.778,28€ ao impulso de 302 microempresas, pemes e persoas autónomas, a través da nova convocatoria das axudas PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO 2025.

A iniciativa está dirixida a empresas situadas en Concellos de menos de 10.000 habitantes e



busca modernizar o tecido económico local mediante a adquisición de maquinaria, ferramentas informáticas, mobiliario e equipamentos que melloren os procesos de xestión e información. A contía das axudas oscila entre os 2.450 e os 17.500€ por beneficiario e poden cubrir ata o 70 % do investimento.

Alertan sobre a degradación da liña ferroviaria Porto-Vigo

En comunicado ao goberno portugués, o deputado polo Partido Comunista de Portugal (PCP) Alfredo Maia indicou que o servizo Celta que forma parte da ligazón ferroviaria entre Porto e Vigo, operada con automotoras UTD592 de RENFE alugadas á empresa estatal Comboios

de Portugal (CP) desde 2013, presentan un estado de desgaste que provoca "grandes problemas" para o seu funcionamento debido a constantes reparacións e revisións.

Indica o comunicado que este servizo transporta anualmente a 120.000 pasaxeiros e que, ata o

momento, non existe un acordo entre RENFE e a CP para o pagamento das revisións. Tamén informa de problemas similares de funcionamento noutras liñas como o Sud Expresso, o Lusitânia Comboio Hotel e a conexión Lisboa-Madrid.

Rías Baixas lidera o turismo exterior

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, avanzou que o destino turístico Rías Baixas rexistrou en xullo un incremento de arredor do 6 % tanto no total de visitantes como de turistas

estranxeiros, uns datos que consolidan á provincia como destino líder de Galicia cunha estadía media dos visitantes no territorio de 2,47 días. Nestes índices lidera Sanxenxo (70,01%), O Grove (65,72%) e Pontevedra

(62,87%) Outro atractivos son os castelos de Soutomaior e de Sobroso e as variantes do Camiño de Santiago, particularmente o Camiño Portugués e o Camiño Portugués pola Costa.

BNG Redondela: "cinismo da Alcaldesa coas axudas escolares"

O voceiro nacionalista Xoán Carlos González afirmou que o goberno PSOE-AER liderado pola Alcaldesa Digna Rivas "non aumentou as axudas para material e comedores escolares" tildando de "cinismo político" a súa postura toda vez segue "a manter os mesmos fondos económicos que

hai tres anos" mentres se vanagloria "detrás da propaganda dos mellores orzamentos da historia para Redondela". Indicou que nas bases da convocatoria de axudas de comedor para poder acceder, "a renda máxima dunha familia de 2 integrantes mantense 1.500€ por debaixo do salario mínimo interprofesional".

1 millón de euros para proxectos do GALP Pontevedra

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra (GALP-RP) aprobou unha serie de proxectos na convocatoria de axudas 2025, financiada pola Consellería do Mar e o Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura

(FEMPA). En conxunto, estas iniciativas contan cun financiamento público de máis de 1 millón de euros (1.087.844,41 €). Sanxenxo (5 proxectos), Marín (3), Bueu (3), Poio (2), Pontevedra (2) e Meaño (1) son os Concellos beneficiados.

A vendimia apura os seus prazos

A Deputación de Pontevedra, a través do novo aviso fitosanitario do persoal técnico da Estación Fito-patolóxica do Areeiro, advirte de que o prazo para a vendimia segue acurtándose e que cada vez está máis próxima, con algunha adega do Condado recoillendo xa as primeiras uvas.

En xeral as colleitas continúan en perfecto estado sanitario grazas á meteoroloxía e estímase que haberá unha excelente campaña. Non obstante, Areeiro alerta sobre calquera síntoma de botrite ante a previsión de precipitacións mentres nalgúns predios continúan a observarse síntomas recentes de acariose.

A CUT denuncia "precariedade crónica" en Stellantis Vigo

A Sección Sindical da CUT en Stellantis Vigo denunciou que a recente campaña publicitada por Adecco para cubrir 300 postos na planta non representa unha creación de emprego real, senón a habitual rotación de persoal eventual, unha situación que acentúa a "preca-

riedade crónica", con remuneracións por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), presións constantes para realizar a produción e un clima laboral límite, problemas de saúde física e mental derivados da sobrecarga de traballo e inestabilidade horaria con xornadas maratonianas.

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL

CONFITERIA
Regino
Especialidade en rosquillas e melindres
Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa
Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.
Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834